



Presentación do XXXV Foro Encrucillada

Teoloxía Política do papa Francisco

José María Fernández Vázquez

Para facer posíbel o desenvolvemento dunha comunidade mundial, capaz de realizar a fraternidade a partir de pobos e nacións que vivan a amizade social, é necesaria a mellor política, posta ao servizo do verdadeiro ben común. Por desgraza, porén, a política hoxe adoita asumir formas que atrancan o camiño cara a un mundo diverso.

(*Fratelli tutti*, n.º 154, papa Francisco)

Bo día a todos e a todas!

O primeiro é presentarme, chámome José María Fernández Vázquez, máis coñecido por Chema, tanto no Consello de Redacción da revista Encrucillada coma na Escola de Espiritualidade. Dende hai dous anos son o tesoureiro da Asociación Encrucillada.

Douvos a benvinda en nome da Asociación Encrucillada, e no meu propio, á XXXV edición do «Foro Relixión e Cultura en Galicia», ou debería ser a XXXVI edición? Efectivamente, a situación de pandemia, que aínda estamos a vivir, fixo que non puidésemos desenvolver a edición correspondente o pasado ano. Só unha circunstancia coma esta foi quen de interromper esta convocatoria anual que vimos celebrando dende o ano 1986. No entanto, no 2020 non perdemos a ocasión de encontrármolos, iso si de xeito virtual, e convocamos tres encontros telemáticos cos relatores previstos para o Foro que tiña por título «Como ler hoxe a Biblia». A estes encontros chamámoslos *Coloquios na Encrucillada*.

Antes de seguir con esta presentación, cómpre ter unha especial lembranza para todas e todos os nosos subscritores que nos deixaron neste tempo de pandemia. Con todo, queda o seu espírito e recordo inesquecible acompañándonos dende a outra beira.

Para facer esta presentación consultei os títulos dos anteriores foros e, curiosamente, non hai ningún que faga referencia, no título, a unha personalidade até o ano 2014 no que a edición XXIX se titulaba «A Igrexa galega e o papa Francisco».

Nese foro, que celebramos xusto un ano despois de que o cardeal Jorge Mario Bergoglio fose elixido Papa, Pedro Castelao, no guieiro da revista dedicada ao foro, explicitaba o motivo da escolleita do título:

O Foro estivo centrado na reforma que o papa Francisco comezou a aplicar á Igrexa Católica. Dende o Consello de redacción de *Encrucillada* tivemos a intuición de que entre esa reforma universal e o malfadado Concilio Pastoral de Galicia había unha forte sintonía de fondo¹.

Por outra banda, neste mesmo Foro, José Manuel Vidal, director da páxina web *religiondigital.com*, ofreceunos no seu relatorio, amais dunha diagnose moi certa sobre a xénese da súa elección, as ideas centrais que rexen a reforma de Francisco. E así, referiu un dos 10 cambios que propón o Papa, en concreto o que numerou co 6:

Unha Igrexa libre fronte aos poderes do mundo e con capacidade de denuncia profética. E desde a súa liberdade, unha Igrexa que diga un triplonon: á economía da exclusión, á nova idolatría do diñeiro e ás disparidades que procrea a violencia sistémica do capitalismo sen alma².

1 P. CASTELAO, Guieiro, *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián* 190 (2014) 3.

2 J. M. VIDAL, A reforma (revolución tranquila) do papa Francisco, *Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián* 190 (2014) 10.

Seis anos máis tarde, no Consello de verán do 2020 que desenvolvemos en Mondoñedo, á hora de decidir o tema do Foro 2021 pensamos, novamente, no papa Francisco para debullar o que supón a nivel político e global a súa figura: un home que, en pouco tempo, está provocando un cambio real, tanto a nivel eclesiástico como social. Así pois, decidimos pórlle o título «Teoloxía Política do papa Francisco». O que non sabiamos era que estaba a piques de publicar a súa carta encíclica *Fratelli tutti*, sobre a fraternidade e a amizade social, e que tanta repercusión tivo e ten, non só no eido da igrexa, senón, de xeito extraordinario, no ámbito político.

A teoloxía política non é a politización da teoloxía. Neste foro buscaremos reflexionar sobre as implicacións políticas que ten toda afirmación teolóxica e discernir, de xeito acaído, sobre elas á luz da lóxica evanxélica do Reino de Deus e a opción preferente polos máis pobres.

Coa finalidade de achegarnos á teoloxía política do papa Francisco temos o enorme pracer de contar, pola mañá, con dous especialistas de recoñecida autoridade. Abrirá o foro o profesor Carlos García de Andoin Martín co relatorio *A xeopolítica do papa Francisco*. E a segunda parte ilustraraa o profesor Sebastián Mora Rosado coa súa proposta titulada *A economía do papa Francisco*.

A protagonista da tarde será Isabel Vilalba Seivane, activista, gandeira e secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, que nos achegará a mensaxe ecoloxista do Papa.

Pecharemos esta xornada coa actuación musical de Bea a de Estrella.

Para rematar esta presentación, permitíndeme que lea as dúas primeiras e as dúas últimas estrofas da oración que o noso compañeiro Manolo Regal dedicou ao capítulo 5 «A mellor política» da *Fratelli tutti*, con ocasión da lectura comunitaria que dende a Escola de Espiritualidade fixemos, de xeito virtual, no curso 2020-2021.

Cando, Xesús, cando,
cando seremos persoas apaixonadas a fondo
pola xente, polo pobo?

Cando deixaremos que o amor,
a solicitude, o afecto, a tenrura
—iso ao que lle damos o nome grande de Deus—
invada todo o noso actuar;
e se converta en nós en pensamento clarividente,
en estratexias eficaces
en dereitos, en xustiza, en deberes compartidos,
para que a xente, toda a xente, viva
e viva dignamente?

...///...

Cando aprenderemos de ti, Xesús,
da túa implicación valente en defensa da xente abusada,
do teu proceder amoroso, pero non populista,
entregado e por iso mesmo tamén esixente?
Cando nos dispoñeremos a morrer coma ti,
un chisquiño polo menos,
para que todo o pobo viva?

Que o teu Espírito guíe e fortaleza os nosos pasos
neste campo tan urxente e delicado.
Grazas, Xesús.

Pois que o Espírito de Xesús nos acompañe neste Foro para que
poida ser ocasión de reflexión e participación e que sexamos quen
de trasladar e reavivar logo este debate nos nosos lugares de orixe.

Grazas a todas e a todos por estardes aquí.

José María Fernández Vázquez